



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Protección de datos e ciberseguridade

**CONVOCATORIA:** Curso monográfico Protección de datos e ciberseguridade

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	11
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO UN ES CI XU	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2018
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	C.MONOGRÁFICO	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 08/12/2018 - 08:00h ao 16/12/2018 - 23:55h

**RESPONSABLE:** OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Este curso ten como obxectivo principal aprofundar na normativa relacionada coa protección de datos de carácter persoal e a ciberseguridade desde un punto de vista teórico-práctico, sinalando as novidades existentes e dando conta dos puntos máis esenciais e característicos da súa aplicación na Administración pública e, en particular, no ámbito do sistema universitario para, deste xeito, coñecer e analizar o seu funcionamento e dar resposta aos conflitos que xurdan na aplicación da normativa.

### DESTINATARIOS

O curso dirixese ao persoal empregado público das universidades do Sistema universitario de Galicia en situación de servizo activo ou asimilada.

No caso de non cubrir a totalidade das prazas convocadas, ás vacantes que resulten poderá acceder o persoal empregado público das administracións públicas de Galicia, tanto de xustiza como autonómica e local, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma, profesionais e persoas interesadas en xeral.

### PROGRAMA

Neste curso monográfico trataranse, entre outros, os seguintes temas:

- Introducción á protección de datos persoais, antecedentes normativos internacionais, europeos e nacionais: intimidade versus privacidade.
- Visión xurídica do Regulamento xeral de protección de datos.
- A nova Lei de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais.
- A figura do delegado de protección de datos.
- Política de protección de datos na universidade.
- A protección de datos en materia de saúde.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e a hora de presentación das solicitudes, e daráselle preferencia ao persoal empregado público das universidades do Sistema universitario de Galicia, en situación de servizo activo ou asimilada, tal como se establece no punto 3 da convocatoria (persoas destinatarias)

## DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Todas as persoas solicitantes que sexan persoal empregado público das universidades do Sistema universitario de Galicia en situación de servizo activo ou asimilada deberán enviar, antes de que finalice o prazo de inscrición, é dicir, o 13 de decembro, un correo electrónico a [novas.egap@xunta.gal](mailto:novas.egap@xunta.gal) en que acheguen a certificación acreditativa de tal condición, para teren preferencia na selección tal como se establece nos puntos 3 e 7 desta resolución.

### 3. DATOS EDICIÓNS

#### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 18/12/2018 a 19/12/2018

**NUM. PRAZAS:** 286

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

JOSÉ ÁNGEL OREIRO ROMAR

JORGE PRADO CASAL

Fernando Suárez Lorenzo

Pintos & Salgado Abogados, S.C.

JOSÉ JULIO FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ

RAFAEL GARCIA GOZALO

JOSE LUIS PIÑAR MAÑAS

#### LUGAR DE REALIZACIÓN

**SALON DE ACTOS:** O día 18 de decembro de 10:15 a 14:30. O día 18 de decembro de 16:30 a 19:30. O día 19 de decembro de 09:30 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA